

## OPOSICIÓN ESCALA AUXILIAR - USC

Santiago de Compostela, 19/10/2021

Convocatoria do proceso selectivo para cubrir 100 prazas na escala auxiliar na Universidade de Santiago de Compostela (Galicia).

### DESCRICIÓN

- Proceso selectivo: **Concurso-Oposición**
- Tipo de Acceso: **Quenda Libre**
- Prazas: **100 prazas na escala auxiliar da USC, subgrupo C2.** Do total de prazas convocadas resérvanse 8 para ser cubertas por persoas con discapacidade de grado igual ou superior ao 33 %. No suposto de que estas prazas da cota de reserva non se cubriran, acumularanse ás da cota xeral de acceso libre.
- Tipo Vinculación: **Fixo**
- Titulación requirida: **Estar en posesión do título de graduado/a en educación secundaria obrigatoria.** As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título (ver bases da convocatoria:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210729/AnuncioG2018-190721-0001\\_es.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210729/AnuncioG2018-190721-0001_es.pdf)).

- Organismo Convocante: **Universidade de Santiago de Compostela.**
- Data da convocatoria: **19 de outubro de 2021**
- Prazo de solicitude: **ata o 8 de novembro de 2021**
- Solicitude: **O prazo de presentación de solicitudes é de vinte días naturais,** contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no «BOE» As persoas que desexen participar nestas probas selectivas deberán formalizar a súa solicitude acompañada da documentación que proceda, así como aboar a taxa correspondente, unicamente por medios electrónicos. O formulario electrónico habilitado ao respecto é o que figura no catálogo de procedementos da sede electrónica da USC:

<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/seleccionPersonalFuncionario.htm>